

FORMACIÓN DE PALABRAS

1. OS LEXEMAS E OS MORFEMAS

As palabras poden estar formadas por un só lexema ou raíz: *avó*, *estoxo*, *reloxo*...

Pero tamén poden constituírse de lexema e morfemas:

- *avoa*: *avo* (lexema) *a* (morfema que indica xénero feminino).
- *estoxos*: *estoxo* (lexema) *s* (morfema que indica número plural).
- *reloxaería*: *reloxo* (lexema) *ería* (morfema que indica lugar).

O lexema recolle o significado propio da palabra e os morfemas achegan outra información. Vexamos cal...

<u>Morfemas gramaticais</u>	Indican xénero masculino ou feminino	<i>lour-o</i> <i>lour-a</i>	
	Indican número plural	<i>folla-s</i>	
<u>Morfemas derivativos</u>	Forman palabras novas e engádense <u>antes do lexema</u>	prefixos	<i>super-mercado</i>
	Forman palabras novas e engádense <u>despois do lexema</u>	sufixos	<i>nen-iña</i>

2. AS PALABRAS SEGUNDO A SÚA ESTRUCTURA

- Simples:

- Están formadas só por un **lexema**: *muller*, *caderno*, *lapis*...
- Están formadas por un **lexema** e por **morfemas gramaticais**: *lour-o*, *muller-es*...

- Compostas: están formadas por **dous lexemas** (*balon+cesto*, *balon+man*, *corta+céspedede*...).

As palabras compostas tamén **poden levar morfemas gramaticais** (*corta+céspedede+s*, *xordo+mud+a+s*...).

- Derivadas:

- Están formadas por un **prefixo** e un **lexema**: *pos-guerra*, *bis-avó*...
- Están formadas por un **lexema** e un **sufixo**: *debux-ante*, *froit-ería*...
- Están formadas por un **prefixo**, un **lexema** e un **sufixo**: *extra-terrestre*, *inter-nacion-al*...

As palabras derivadas tamén poden levar morfemas gramaticais (*bis-avo-a*, *debux-ante-s*...)

3. FAMILIA LÉXICA

Unha familia léxica está constituída por un grupo de palabras que comparten a mesma raíz ou lexema: **mar**, **marítimo**, **mariño**, **submarino**, **mariñeiro**...

APLICA O QUE APRENDICHES

Resolve os exercicios que aparecen a continuación no teu caderno.

1. Clasifica estas palabras segundo estean formadas por un elemento (só por un lexema) ou por varios elementos (lexema e morfemas).

negocio – seda – vermes – avoa – fiestras – aldea – bolboreta – filla – deporte – semana – titor – facilidade – profesora – sorpresa – moreira – minutos – días – aperta – fraudes – inútil – terrestre – señorío – vivos

2. Indica de que palabra derivan as seguintes.

profesorado – deportivos – reacción – martelada – carballeira – bisílabo – peixeiro – irregular – piñeiral – impar – subcampión – coruñés – muradán

3. Descompón cada palabra nos elementos que a forman.

escuridade – antebrazo – azucreiros – xornalista – prehistórico – fachendoso – contraataques – mocidade – desinteresada – antirroubo

Fíxate no seguinte exemplo e fai o resto da mesma maneira.

florerías: *flor* (lexema) *ería* (morfema derivativo sufixo) *s* (morfema gramatical de número)

4. Clasifica as seguintes palabras en simples, derivadas e compostas.

*baloncesto – fogueteiro – chocolate – adestrador – problema – aninovo –
compravenda – cadeira – movemento – árbore – coliflor – pantrigo –
ensinanza – colgadoiro – superdotado – tesoiras – beirarrúa – bisavós*

5. Forma todas as palabras compostas que se poida unindo cada elemento do primeiro cadro con todos os posibles do segundo.

escachar – cortar – parar – portar

*ben – sol – auga – folio – céspede – caída – noz – raio – lámpada – unlla –
avión – vulto – brisa – voz – piollo*